



ANUNCIO RELATIVO Á CARENCIA DE PAGAMENTOS DO CANON DAS PARCELAS PROPIEDAD DE XESTUR, S.A., XA ADXUDICADAS EN DEREITO DE SUPERFICIE, PARA FACILITAR A RECUPERACIÓN DAS EMPRESAS INSTALADAS, COMO CONSECUENCIA DA PANDEMIA DO COVID 19

O Centro de Coordinación operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ocasionada polo COVID 19 (CECOP), na súa reunión de 5 de maio de 2020, adoptou un acordo polo que se autoriza á empresa pública XESTUR, S.A. para aplicar unha carencia de pagamentos do canon das parcelas propiedade de Xestur, S.A., xa adxudicadas en dereito de superficie, cando os superficiarios teñan dificultades para atender os pagamentos mensuais, co obxecto de facilitar a recuperación das empresas instaladas, como consecuencia da pandemia do COVID 19, así como de axudar a paliar as consecuencias do COVID-19 sobre o tecido empresarial xa existente e fomentar as novas implantacións empresariais.

En consecuencia, naquelas parcelas propiedade de XESTUR, S.A., xa adxudicadas en dereito de superficie, os superficiarios poderán solicitar unha carencia de 12 meses no pagamento do canon das mesmas, sempre que xustifiquen adecuadamente que teñan dificultade para atender os pagamentos mensuais.

A solicitude por parte do superficiario poderase presentar ata os 3 meses seguintes á finalización do período de alarma. Á carencia de 12 meses, no caso de serlle concedida, empezará a contar dende a súa concesión expresa por parte de Xestur.

As parcelas adxudicadas en dereito de superficie que non teñen rematado o primeiro ano de carencia (adxudicadas en 2019) poden sumar os novos 12 meses de carencia, en caso de serlle concedidos, contados dende o remate da carencia actual.

O importe do canon correspondente ao período de carencia será aboado polo superficiario nun prazo de ata oito anos contados a partir da finalización do ano de carencia.

No caso de concederse ao superficiario o período de carencia do canon, deberá formalizarse a correspondente modificación do dereito de superficie en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Os gastos notariais e rexistras serán sufragados polas partes ao 50%.

En Santiago de Compostela, a 26 de Maio de 2020.

Asdo.

María Doporto Santos

Xerente de XESTUR, S.A.